O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

ASISTENTES

PRESIDENTE
D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS
D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo Colexio da provincia)
Dna. Mª Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta, exercendo amáis as funcións de secretario)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vintecatro de abril do 2008, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Canteira da Laxe", da CMVMC de Meira, do concello de Moaña

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 08/02/06, D. Valentín Piñeiro González, na sua condición de presidente da CMVMC de Meira, do concello de Moaña, e en representación da mesma, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación do monte "Canteira da Laxe" como veciñal en man común para os veciños da CMVMC de Meira, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie, ocupacións e lindeiros

SEGUNDO.- Logo da subsanación de determiñadas eivas e fallos, advertidos pola Administración, o Xurado de Montes en sesión celebrada en data 01/08/06, acordou a incoación de expediente de clasificación do devandito monte e a súa remisión ó Servizo de Montes e Industrias Forestais, para a elaboración do informe preceptivo, remisión que se produce con data 13/08/06

TERCEIRO.- O Servizo de Montes e Industrias Forestais, remite o informe preceptivo con data 14/02/08

CUARTO.- Con data 24/03/08, Dna. Belén Raposo Pérez, en representación da CMVMC de Meira, presenta escrito no que solicita que o Xurado teña por estimada a súa petición formulada en data 08/02/06, por silencio administrativo, ó transcurrir o prazo de 1 ano, que o Xurado de Montes ten para resolve-lo expediente de clasificación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artígo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- O artigo 11.3 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común sinala que "*... un expediente de clasificación, a tramitación do cal no poderá exceder de un ano a partir do seu comenzo ...*" e o artigo 25 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, sinala que "*... cuia tramitación non poderá exceder de un ano..*"

Terceiro.- A Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da comunidade autónoma de Galiza á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común non establece no seu anexo II, dentro da relación de procedementos nos que o silencio administrativo produce efectos desestimatorios, o proceso de clasificación dos montes veciñais en man común

En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demáis preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, proponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA**:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "Canteira da Laxe", a prol da CMVMC de Meira, do concello de Moaña, ó producirse o silencio administrativo positivo, por transcurrir o prazo legalmente establecido de 1 ano para a resolución do presente expediente, de acordo cos lindes e cabida seguintes, e o plano elaborado ao efecto, que forma parte inseparable da presente resolución:

CONCELLO: MOAÑA
SUPERFICIE: 1,4 Has.
Lindeiros:
Norte: Predios particulares de Milagros Portela, Camila Gutierrez, Olga Currás, Amalia Currás, Pedro Alves e outros

Sur: Praia e ribeira-mar
Leste: Ribeira mar
Oeste: Concello de Moaña

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa

XUNTA DE GALICIA
PROV. DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS
PONTEVEDRA
Xurado
Conselleria do Medio Rural

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

ASISTENTES

PRESIDENTE
D. Gonzalo Constenla Bergueiro
(Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural)

VOCAIS
Dna. Mª Jesús Novoa Suárez
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Víctor Abelleira Argibay
(Avogado polo colexio da provincia)
D. Jesús de la Fuente Villar
(Xefe do Servizo de M.I.F)

SECRETARIA
Ana B. Dopazo Fernández

Na cidade de Pontevedra, sendo as catorce horas do día vinteseis de novembro do dous mil oito, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre os recursos de reposición interpostos polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (servizo provincial de costas de Pontevedra) e polo Ministerio de Fomento (Porto de Vigo) contra resolución adoptada polo Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra en data 24/04/08

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 08/02/06 D. Valentín Piñeiro González, na sua condición de presidente da CMVMC de Meira, do concello de Moaña, presenta perante o Xurado Provincial de Montes solicitude instando a clasificación do monte "Canteira da Laxe" coma veciñal en man común a favor da devandita comunidade

SEGUNDO.- Na reunión celebrada polo Xurado en data 24/04/08 acordouse "*CLASIFICAR como veciñal en man común o monts "Canteira da Laxe", a prol da CMVMC de Meira, do concello de Moaña, ó producirse o silencio administrativo positivo, por transcurrir o prazo legalmente establecido de 1 ano para a resolución do presente expediente*"

TERCEIRO.- Contra dita resolución o servizo provincial de Costas e o Porto de Vigo, dependente do ministerio de Fomento, formulan recurso de reposición, que se dan por reproducidos e obrantes no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra das súas resolucións de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992.

Segundo.- Procede admitir a trámite os recursos de reposición interpostos por cumplir cos requisitos esixidos polo art. 117.1 da precitada Lei.

Terceiro.- Da análise dos recursos interpostos polo servizo provincial de Costas e polo Porto de Vigo, compre salientar que levan razón os recurrentes, no senso de quedar excluído do silencio positivo aqueles supostos, cuxa estimación tivera como consecuencia que se transfiran ao solicitante ou a terceiros facultades relativas ao dominio público ou ao servizo público, casos que o silencio terá efecto desestimatorio. Queda acreditado que parte da parcela "Canteira da Laxe", atópase dentro do dominio público marítimo-terrestre.

En consecuencia, vistos os preceptos legais citados e demáis normativa de xeral e pertinente aplicación, o Xurado de Montes de Pontevedra, **ACORDA:**

Estimar os recursos de reposición interpostos polo Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (Servizo Provincial de Costas) e Ministerio de Fomento (Porto de Vigo) e, xa que logo, revogando o acordo adoptado por este Xurado en sesión de 24/04/08, CLASIFICAR o amentado monte "*Canteira da Laxe*", coma veciñal en man común a favor da devandita CMVMC de Meira, correspondéndose coa planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución e a descripción e cabida seguintes:

CONCELLO: **MOAÑA**
SUPERFICIE: **11254 m^2**
Lindeiros:
Norte: Predios particulares de Milagros Portela, Camila Gutierrez, Olga Currás, Amalia Currás, Pedro Alves e outros
Sur: Dominio marítimo-terrestre
Leste: Dominio marítimo-terrestre
Oeste: Concello de Moaña

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

XUNTA DE GALIZA
PROV. DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECIÑAIS
PONTEVEDRA
XURADO
Conselleria do Medio Rural



N

XUNTA DE GALIZA
PROV. DE CLASIFICACIÓN DE MONTES
PONTEVEDRA
Consellería do Medio Rural

20 m. 0.00 m. 20 m. 40 m. 60 m. 80 m.

DATA : Outubro-2008

ESCALA : 1/2.000

Nº de plano: 1 de 1.

OBSERVACIONS :

Superficie= 11.254 m.²

PLANO DE CLASIFICACION

CONCELLO : Moaña PARROQUIA : Meira

COMUNIDADE : CMVMC de Meira MONTE : Canteira da Laxe

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
XURADO PROVINCIAL DE MONTES. DELEGACION DE PONTEVEDRA